

1979

Valigo~~ta~~a dós Amieiros

María ~~do~~o Pilar Campo Domínguez

Doctor Gasalla, 30 1^a D LUGO

Teléfono 21 24 61



PAZ E PALABRA

(Na memoria de Blas de Otero)

Xamáis morre quen berra

polo home a cotío;

unha pomba de lume

está a quentarche o peito

e un río de palabras

a percorrerche as veas.

Poisque vives no templo

da Paz e da Palabra

fai pra nós e connosco

os ritos valedoiros

da liturxia das deusas

que hoxe nos son esquivas.

Porque a Paz non se senta

coa fame nas lareiras

nin se deita co frío

nin quer saber do medo

nin das aspras cadeas

da iñorancia e o inxusto

tratamento que o home

está a lle dar ao home.

Nós nunca a coñecemos,

amigo Blas, nós nunca.

Mais sabemos que vive

acarón de Xusticia

nunha campá ateigada

de pan e viño vello.

Maxinámola loira,

coma un anxo, e moi branca,

vestida de mapoulas

e nos pes vagalumes.

2

Nós nunca a coñecemos,
amigo Blas, nós nunca,
mais sabemos que estamos
chamados á sua festa.
A Paz na súa festa
de siderales músecas
reparte as froitas boas
do seu mego de amor,
pero os cans da maldade
racháronnos as roupas
e os nosos pes descalzos
non cadran aos festexos.

Nós nunca a coñecemos
senon no nobre berro
de algúns que, coma tí,
oficiaron de homes.

\$ \$ \$

Pescudando a Palabra,
saloucando a Palabra,
rabuñandoa no vento
xabreiro, aterecidos,
famos na noite ti
e nós e os vinculeiros
dos teus berros e os nosos
alugados á lúa.

Ollaches a Palabra
impúbere e madura
morrer nos nosos beizos
antes de pronunciala,
porque nunca foi nosa,
porque nola primaron:
botáronlle cadea
por séculos infindos.

Vagaxeiros no mundo

coa herdanza abandonada,
 estranxeiros de nós,
 náufragos terra adentro,
 illados da esperanza,
 esmoleiros da fame,
 non temos nin a fala,

non temos a Palabra.

A Palabra é a chave

do mundo das ideas,
 a porta que se abre
 ao castelo do espírito,

o primeiro dereito

dos dereitos do home.

A Palabra é a Terra

e os que viven na Terra,
 compre prao nacemento

e compre pra que a morte
 non mate canto atopa

no seu camiño férido.

- ¿Cómo pode ecoar no tempo a nosa alma,
 comesta dos esquezos, coa voz engaiolada? -

\$ \$ \$

Acóchanos un berro

con quentura de sol.

© teu a suplicar

pola Paz e a Palabra.

Virán como acios grandes

bermellos prá vendima,

encherán o futuro

do seu mosto docísimo

Beberémolo espidos

das antergas desgracias.

Coa millor bebedez

dormiremos contigo

o soño - morte vida-

da Paz e da Palabra.

Valigota dós Amieiros